



PROPOSTAS DE RUTAS DE SENDEIRISMO CASA RURAL VILAMAIOR

Estas dúas propostas de rutas pódense facer a pé ou tamén en bici.

Ruta 1

Itinerario:

Vilamaior- San Paio- Igrexa de Lavacolla- Regato dos muiños- Vilamaior

Duración:

1h 45' + 30' paradas interpretativas : 2h 30'

Dificultade:

Baixa (para persoas de todas as idades)

Descrición do percorrido:

Comenzamos a andar dende a mesma Casa de Turismo Rural. Baixamos entre as casas en dirección á estrada de detrás da Casa para cruzar a ponte sobre o regato e encaminarnos á primeira pista de terra á dereita. Dende ela observaremos as vistas, tanto da Igrexa de Lavacolla, como da aldea de Vilamaior hasta contactar có Camiño Francés.

Tras baixar un pequeno treito polo Camiño Francés, faremos a interpretación do muíño restaurado que se atopa a marxe do camiño, e que conserva as estruturas típicas galegas de muíños de río, a "moa", o "canal", etc...

Ó rematar a interpretación do muíño, nos dirixiremos á Igrexa de Lavacolla, lugar fundamental para unha nova interpretación patrimonial e cultural, debido á tradición "hixiénica" do lugar, xa que os peregrinos aseabanse en corpo e alma antes de entrar na cidade santa de Santiago de Compostela.

Unha vez coñecidos rasgos fundamentais da cultura tradicional galega a través de estas dúas interpretacións, daremos volta sobre os nosos pasos e nos internaremos nos montes ó sur de Vilamaior onde disfrutaremos da flora autóctona ata chegar de novo á aldea de Vilamaior.

Puntos de interese:

Camiño Francés, muíño restaurado de O Pontillón e Igrexa de Lavacolla.

Plano do percorrido:



Xustificación do itinerario:

Tras inspeccionar os camiños e pistas presentes pola zona o día 18 de Agosto de 2005, e dadas as instrucións de realizar unha ruta que agrupara as seguintes características:

- Curta (non máis de 2 horas)
- Circular (que empezara e rematara na casa rural para comodidade dos participantes)
- Visitar lugares típicos da zona.
- Posibilidades de interpretación patrimonial e cultural

Consideramos que o itinerario elixido reúne todas as características preestablecidas e, aínda que o entorno natural non é espectacular, si é interesante dende o punto de vista paisaxístico.

Fotos do itinerario 1:



Camiño rural



Vistas da Igrexa de Lavacolla



Muíño restaurado



Camiño rural



Campo de Labranza



Lugar de descanso Vilamaior